

JUAN RIAL ROADE_(RIAL43@YAHOO.COM)_Universidade da República; Montevideo, República Oriental do Uruguai
CARLOS SIXIREI PAREDES_(carlos@sixirei.eu)_Universidade de Vigo; Galicia, España

Un recorrido polas distintas formas de Estado en América Latina

Un recorrido por las distintas formas de Estado en América Latina

Around Different Types of Latinoamerican State

& Resumo: Este artigo é un resumo das diversas formas de Estado polas que ten pasado América Latina desde a independencia ata o presente. Este exercicio supón un nivel de abstracción importante para dar conta dunha realidade complexa e moi dispar para cada unha das unidades estatais consideradas. Buscouse un mínimo común denominador dos procesos históricos que amosan, no presente momento, un claro proceso de redefinición dos conceptos de Estado, cidadanía e participación.

& Palabras clave: América Latina, Estado oligárquico, Estado populista, Estado desenvolvimentista, Estado burocrático-autoritario, Estado neoliberal, Estado mínimo, Estado multinacional, nación e Estado.

& Resumen: Este artículo es un resumen de las diversas formas de Estado por las que ha pasado América Latina desde la independencia hasta el presente. Este ejercicio supone un nivel de abstracción importante para dar cuenta de una realidad compleja y muy dispar para cada una de las unidades estatales consideradas. Se ha buscado un mínimo común denominador de los procesos históricos que muestran, al momento presente, un claro proceso de redefinición de los conceptos de Estado, ciudadanía y participación.

& Palabras clave: América Latina, Estado oligárquico, Estado populista, Estado desenvolvimentista, Estado burocrático-autoritario, Estado neoliberal, Estado mínimo, Estado multinacional, nación y Estado.

& Abstract: This is a summary of the different types of states that Latin America has historically had. It implies a very high level of abstraction in order to find a common denominator for the region. Currently, all of these historical processes are leading to a new definition of the concepts of State, Citizenship, and Participation.

& Key Words: Latin America, populist state, nation, liberal state, development state, minimal state, oligarchic state, multinational state, neoliberal state.

ESTADO, RÉXIME, GOBERNO, PROCESOS

O modelo de Estado no que viven hoxe en día os países latinoamericanos é o resultado da historia da súa sociedade e os seus amaños políticos, que abarca un lapso diferente en cada país, produto da diversidade de organización social, estrutura demográfica, da forma de ocupación territorial, das herdanzas culturais, e, conseguintemente, é factible recoñecer en cada forma de Estado estas pegadas do pasado.

Calquera que sexa a definición que se adopte, a construción dunha entidade que poida ser recoñecida como tal na rexión, debeu esperar ata datas relativamente recentes para poder caracterizalo e aínda hoxe, o estudo do tema ten moi fortes connotacións ideolóxicas que constitúen parte da xustificación que busca lexitimar os gobernos que o administran, ou dar argumentos aos sectores opositores que pretenden cambiar o estado de cousas existente.

Tamén hai que ter en conta que na linguaxe corrente, cotiá, a distinción entre Estado, réxime, democracia e goberno non sempre é evidente. No noso traballo tratamos de introducir un mínimo de orientación para ter máis claro o tema a abordar.

Pódese falar de organización política pero non de Estado en tempos pre-coloniais. Nas sociedades máis avanzadas desa época había dominación, exercicio de poder sobre subordinados, pero só se estaba no marco da construción de poderes persoais, apoiado por entidades colectivas, fosen tribos, clans, federacións de tribos, que se subordinaban a outras de maior poder ou nivel.

Pasados xa 500 anos do encontro traumático entre o mundo precolombiano, tan diverso, con falta de continuidade territorial e falta de unidade de civilización, e o europeo, (só cunha parte deste), aínda quedan remanentes das formas de organización social que dalgunha maneira podemos chamar “orixinarias”, en proceso de devir francamente marxinais, ante a transformación de toda a rexión nunha sociedade predominantemente urbana, occidentalizada, que segue os patróns propios de economías baseadas no funcionamento do mercado, a pesar das moitas dificultades que impoñen procesos tanto intrínsecos como extrínsecos á natureza do Estado.

Sobre esas formas de organización superpuxéronse os patróns coloniais. A espada, o sexo, as epidemias, a escravitude e a cruz foron os instrumentos principais. A forza dos colonizadores era incontrastable. Non había como opoñerse á tecnoloxía da violencia dos europeos. As relacións sexuais mantidas por portugueses e españois cos “pobos orixinarios” e, logo, cos escravos procedentes de África, deu orixe a fortes continxentes mestizos que hoxe son a base demográfica da maioría dos países da rexión. As epidemias decimaron moi pronto grandes continxentes de indíxenas que sufriron, ademais, os males propios do traballo forzado imposto polas encomendas e, moi especialmente, pola explotación mineira. Os escravos traídos de África foron man de obra para as plantacións das terras tropicais comezando polas destinadas á produción de cana de azucre. A xustificación para esta actividade achegárona clérigos e relixiosos de diversas ordes, que, pese aos debates abertos ao redor do dereito á conquista, deron certezas ao conquistador sobre a lexitimidade do seu dominio mentres trataban de confortar ao dominado.

As institucións políticas eran primarias, situadas en capitais e portos que comunicaban a rexión coa metrópole. Emanaban de Estados que non seguiron o camiño da centralización forte de estilo europeo, cuxo exemplo clásico foi Francia. Os colonizadores procedían de Estados débiles e, nos feitos, periféricos, como España e Portugal, ou de ligas marítimas en proceso de reformulación como a dos holandeses. As súas institucións coloniais non podían compararse coas que proporcionou Europa a partir do século XVII aos seus Estados centrais.

O Estado que quería Maquiavelo non iluminou o proceso de construción política de España e Portugal. Houbo que esperar a que a Revolución Francesa se expandira e asumira a forma de revolución *nortatlántica*, sumando o previo e paralelo proceso dos EEUU, para que unha nova narrativa inspirara aos crioulos que foran protagonistas dos cambios que levaron á independencia, para construír, lentamente, formas estatais as cales tiñan como herdanza o tipo de sociedade preexistente.

Nalgúns casos partíase de cero canto ao referente da sociedade, sexa porque se operaba sobre zonas case baleiras ou porque os seus poboadores estaban aínda en etapas pre -agrarias e foron exterminados, ou case, para dar orixe a unha sociedade transplantada de inmigrantes, fundamentalmente de destino urbano, que pasaron a constituír as estruturas metropolitanas macrocefálicas que hoxe teñen moitos destes países e que tamén condicionan as formas de Estado.

Chegar ao Estado concibido como “unidade de dominación, independente no exterior e interior, que actúa de modo continuo, con medios de poder propios, e claramente delimitado no persoal e territorial” segundo a definición de Herman Heller, ou a clásica de Max Weber coma unha unidade de carácter institucional que no interior dun territorio monopoliza para si o uso legal da forza, é un ideal aínda escasamente alcanzado na rexión O logro da capacidade de monopolizar a recadación fiscal e ter capacidade suficiente para impoñela é outro dos trazos claves dun Estado que supón, tamén, un desenvolvemento económico e social que permita practicalo e chegar a todo o territorio. Este é un aspecto que aínda está en construción.

No noso enfoque tratamos de indagar que fixo e fai o Estado, e como se pode diferenciar da nación, en que medida coinciden e diverxen, así como podemos distinguir o Estado do réxime político e do goberno que o administra.

As nacións son construcións ideolóxicas e políticas, resultado do esforzo para transformar memorias en mitos e para levar adiante historias oficiais. En América Latina estas construcións nacionais foron unha das primeiras tarefas que deberon encarar as unidades resultantes do proceso político de emancipación das colonias. Fíxose ao mesmo tempo que se deseñaba un centro ou centros de poder nos que apoiarse. Nalgúns casos deu por resultado feroces controversias entre grupos que disputaban ese poder. Os intentos de conformar grandes unidades como a Federación de América Central, a República Gran Colombiana e a Liga Federal *artiguista* fracasaron. Pero, en cambio, si puideron seguir adiante, asumindo formas que preservaban certas formas de poder subnacional, a Arxentina, Brasil, México e outras entidades que avanzaron sobre o territorio veciño ao seu centro de dominación ata encontrar una fronteira non sempre doada de definir.

Seguindo a Weber e Hans Kelsen consideramos que o Estado non ten un fin propio, que é fundamentalmente un medio para lograr fins sociais. Estes variaron ao longo da historia e hoxe estamos nunha situación na que o Estado, que herda unha historia diferente en cada país e sub-rexión, asume moi diversas formas, porque as definicións de fins sociais son diferentes en cada entidade considerada.

Que fixo ou fai o Estado?: Despregar capacidades, comezando por institucionalizar a autoridade que supón a creación de organismos para impoñer a coacción e controlar la sociedade, o que implica crear forzas armadas e de seguridade, tribunais de xustiza e impoñer un modelo de socialización a través dun sistema escolar máis ou menos uniforme para toda a entidade territorial que está baixo o seu control. Ao mesmo tempo debe ter capacidade de diferenciar ese control: isto é, contar cun conxunto de institucións profesionalizadas para

aplicacións específicas, burocracias entre as que son importantes aquelas que permiten a recadación de impostos e o manexo de recursos financeiros. Tamén debe ter a capacidade de difundir unha identidade colectiva: creando símbolos xeradores de pertenza e definición común, diferenciándoos daqueles doutro Estado, por exemplo, tendo himno, escudo, bandeira, e unha historia máis ou menos oficial apuntalada por mitos e crenzas fortemente arraigadas na poboación baixo control desa entidade, como modo de acercar a entidade estatal e facela coincidir cunha realidade nacional. Claro que estes últimos procesos, en máis dun caso, supuxeron violentas confrontacións entre diversos sectores sociais, entre fraccións das elites, que asumiron diversas denominacións. Foron frecuentes loitas entre conservadores e liberais, entre partidarios de formas de xestión de goberno unitarias e formas federais, entre defensores de excluír a unha boa parte da sociedade dos asuntos públicos e quen pugnaron por non marxinar a ninguén, foron correntes e hoxe, baixo outras denominacións, estas divisións seguen aflorando. Así a disputa entre unha historia oficial de heroes crioulos e unha “mergullada” que pon por protagonistas os “pobos orixinais” ábrese paso constantemente.

Este proceso de construción, que foi longo e ten pasado por distintas fases de maior ou menor inclusión social, supuxo, para os que integran unha entidade de tipo estatal, constantes re-significacións. Dar forma á noción de cidadanía, por exemplo, é parte dun devir constante de construción e cambio, como todas as categorías e conceptos sociopolíticos que manexamos.

A cidadanía, unha construción dun colectivo social coma o resto das categorías sociopolíticas, é parte dun devir permanente de cambio. Unha definición tradicional acota ao campo político e ás nocións liberais e republicanas considerándoa como un status xurídico e político mediante o cal a persoa que denominamos cidadán adquire uns dereitos como individuo (cívís, políticos, sociais) e uns deberes (pago de impostos, tradicionalmente servizo militar, promesa de fidelidade á bandeira, entre outros) respecto a unha colectividade política, ademais da facultade de actuar na vida pública dun Estado. Esta facultade xorde do principio democrático de soberanía popular. Pero esta definición deixa fóra moitos aspectos.

As versións orixinais do liberalismo consideran o cidadán nunha dimensión puramente individual, prescindindo de toda aspiración ou referencia colectiva. Tamén, dado o desenvolvemento social existente, tratábase de definicións excluínates deixando fóra da cualificación para ser cidadán a quen non tiñan as que se consideraban condicións necesarias para exercer eses dereitos. Durante longo tempo ser cidadán supuña ser propietario, ser home, saber ler e escribir e non formar parte dunha minoría específica excluída deses dereitos. A estes presupostos incorporouse logo a idea da república: Ser cidadán implicaba apoiar a un determinado réxime político no marco dun Estado.

No século XX foise abrindo camiño unha idea de cidadanía que se vinculaba a colectivos sociais. Deixando de lado os obvios desenvolvementos ocorridos en Estados autoritarios ou totalitarios, comezou a manexarse o concepto de maiorías que supón o predominio do interese colectivo sobre o individual. Ante iso, e noutro marco, aparece a definición de poliarquía, como garantía de que no réxime democrático se tolera e respecta á minoría e á disidencia.

O nacionalismo é un dos casos máis estendidos de predominio do concepto do colectivo sobre o individual. Búscase agregar á noción de cidadán un forte sentido de “nós” factible de opoñer aos integrantes doutras comunidades. Esta construción social levou a fortes conflitos e excesos contra os “outros”. Ante este concepto e partindo da experiencia histórica alemá,

Jürgen Habermas acuñou a idea do chamado ‘patriotismo constitucional’, defendéndoa coa consideración de que a cidadanía non está ligada ao concepto de identidade nacional.

Máis recentemente, e con forte incidencia en América Latina, desenvolveuse a idea das cidadanías diferentes. Considerando que hai un grupo dominante que impón as súas visións da “comunidade imaxinada” a outros grupos e sectores dentro do marco territorial do Estado, preténdese obter mecanismos compensatorios, ou claramente definir máis dunha forma de integración cidadá. Entre os desenvolvementos destas concepcións está a idea da cidadanía multicultural. Contra a vella concepción que supuña o predominio da asimilación como modelo de desenvolvemento cidadán, búscase amparar a grupos distintos e asegurarlles que manterán esa identidade propia. No ámbito da política práctica representa a coexistencia de formas moi diversas de organización política, de goberno e administración de xustiza, de políticas educativas e de referentes de identidade.

Criticouse fortemente este desenvolvemento, co argumento de que invocando a tolerancia (atributo do pluralismo que se defende en toda poliarquía), o multiculturalismo acabaría con ese principio de tolerancia, dado que, no lugar de integrar na diferenza, sen que implique homoxeneizar á sociedade ao redor dun só pensamento e modelo, dáse paso á fragmentación e á ingobernabilidade dunha sociedade política así estruturada.

Estamos lonxe do rescate da vella idea de cidadanía cosmopolita pregada polos estoicos, que modernamente defende Habermas. Nas circunstancias de integración post-nacional de mercados e sociedades, a través do comercio e do fluxo da información e o coñecemento, requiriríase un novo tipo de cidadanía incluínte. O tempo actual non permite avanzar a idea de cidadanía cosmopolita máis alá do plano académico, que se define contra a vinculación establecida por Marshall entre cidadanía e nación. Habermas apunta unha idea universalista, na que a lealdade constitucional, máis alá de toda referencia a un pasado mítico ou histórico, substitúa as identidades nacionais.

Mentres, na práctica, en América Latina a extensión dos dereitos dos cidadáns e dos dereitos de participación na vida social produciuse principalmente en relación co status dos individuos no mercado laboral, resultado dun desenvolvemento desigual en canto a cobertura de Estados asistenciais ou de benestar. Desta forma, o proceso de produción converteuse en obxecto de regulación e de apoio público, mentres que o proceso de reprodución se mantivo dentro dos límites da familia con menor recoñecemento por parte das instancias do Estado, ata tempos moi recentes.

O ESTADO LIBERAL-OLIGÁRQUICO

Facendo un esforzo de abstracción, evitando o detalle das historias nacionais e as locais, tan relevante no século XIX, especialmente a partir de 1830, poderíase dicir que case todos os actuais países latinoamericanos pasaron por esta etapa na construción do Estado no século XIX.

Despois do gran desaxuste que foi o proceso independentista, “tempos revoltos, tempos de todo” chamounos o historiador Tulio Halperin, a organización dos nacentes Estados foi unha preocupación constante das elites.

Mantívose a base económica do pasado colonial, a extracción de minerais e a produción de bens primarios para a exportación pero para lograr mellores rendementos era necesaria unha inversión en infraestruturas, cousa que só se produce a partir de 1860 na maioría dos países. Para integrar o territorio creáronse redes ferroviarias, polo xeral desde a zona de produción ao porto de exportación, moitas veces situado cerca do centro onde radicaba o novo poder que emerxeu da independencia e noutras coincidindo porto e centro. Capitais,

técnicos e equipos foron provistos, substancialmente, por británicos, chegando a amaños que, en moitos casos, implicaban axudas estatais para construír esas redes. Tamén houbo que asegurar comunicacións, e o telégrafo, xunto co ferrocarril, foi outro dos grandes instrumentos para o control territorial desde a capital, eliminando progresivamente poderes locais.

Mentres que nos países centrais eses instrumentos impulsaron o desenvolvemento da siderurxia, a metalmecánica e outras industrias conexas para o equipamento, instalación e explotación do que era entón unha actividade na fronteira tecnolóxica, en América Latina o ferrocarril e o telégrafo se ben transformaron a realidade espacial e a integración territorial, non proporcionaron vínculos co conxunto del sistema económico. Así, por exemplo, as empresas ferroviarias limitáronse, case exclusivamente, á instalación de talleres de reparación e mantemento.

A CEPAL (Comisión Económica para América Latina, un órgano autónomo do sistema das Nacións Unidas) caracterizou en 1949 este período como de *“crecemento cara fóra”*. As exportacións de produción primaria permitían a importación de bens manufacturados. O mercado interno desenvolvíase lentamente, dado que os excedentes provenientes das exportacións concentrábanse nos sectores dominantes e os seus aliados.

Internamente, en cada país, formáronse alianzas entre terratenentes, propietarios mineiros e os gobernos, para asegurar a nova orde social dos Estados. Os caudillos rurais, lograban encadrar os seus seguidores e aliábanse con grupos de poder urbano, os *“doutores”*, os expertos que aseguraban os contactos co exterior.

A fórmula de goberno era presidencialista e polo xeral o poder Executivo primaba sobre os outros poderes. A representación era manipulada amplamente ao aplicarse esquemas de fraude electoral e poñendo obstáculos para exercer o voto. O sistema xudicial, pola súa parte, era moi incipiente.

Construír unha burocracia mínima era unha tarefa constante e non sempre con éxito. Os Ministerios básicos eran catro. Un do Interior ou Goberno que debía asegurar a coordinación das diversas ramas, un de Guerra e Mariña, un de Relacións Exteriores e un de Facenda. Cara finais do século XIX, coa expansión da infraestrutura básica, comezaron a aparecer os Ministerios de Fomento, xerme de novas organizacións que se despregaron no século XX, como os ministerios de Saúde, Educación e Obras Públicas, entre outros.

As guerras civís incesantes provocaron procesos de quebra dos organismos estatais primixenios e obrigaron a volver emprender a tarefa de reconstrución en varias oportunidades. Eliminar barreiras interiores, manexar e tratar de conter os poderes locais, controlar desde a urbe os portos de saída e entrada de mercadorías, tratar de ter un mínimo de paz social e pacificar a unha poboación acostumada á violencia desde as guerras da independencia, era unha inxente tarefa difícil de levar adiante dados los aliñamentos en bandos contrapostos.

Conservadores e liberais, baixo diversas denominacións, enfrontáronse en sucesivas guerras internas. Polo xeral, os conservadores representaron os intereses do ámbito rural, nas súas filas había caudillos que recrutaban continxentes armados cando había loitas violentas. Teceron unha forte alianza coa xerarquía local da Igrexa Católica e resistiron, a veces con bastante éxito, a secularización, que en moitos países tardou en impoñerse como norma. Varios dos países da rexión aínda hoxe amosan o peso desa presenza eclesíástica.

Os liberais apoiábanse na elite ilustrada, en gran parte de residencia primaria no ámbito urbano. As finanzas, os amaños de comercio internacional, as disputas xurídicas eran a súa área forte. Tamén recrutaban a través dos seus caudillos as súas propias bandas armadas. Nalgúns países predominaron os conservadores e iso marcou a permanencia dos apoios

sociais no tempo, podendo, nalgúns casos, ver esas pegadas nas prácticas e na cultura política dos nosos días. Noutros o predominio foi para os liberais. Asegurar a propiedade privada, apoderarse de terras fiscais e liquidar formas comunais de propiedade que foran toleradas pola autoridade colonial, foron características comúns dos gobernos liberais e conservadores.

Os réximes políticos bebían nas fontes ideolóxicas e organizativas das *revolucións nortatlánticas*. Case todos os países copiaron fórmulas constitucionais inspiradas nas aprobadas en Filadelfia, aínda que con maior desenvolvemento escrito, propio da tradición xurídica herdada da colonia. Tamén copiaban as declaracións de dereitos da revolución francesa e adoptaron o código civil napoleónico. O modelo francés axustábase máis que o dos EEUU a unha tradición colonial autoritaria, centralizada e con decidida vocación burocrática, para exercer a defensa real dos intereses das elites. Pero as normas constitucionais e legais de cuño liberal non se correspondían con sociedades fortemente estratificadas social e culturalmente, onde o concepto de “raza” imperaba aínda. O centralismo non foi tanto o produto do control político da elite da capital ou do desenvolvemento económico “cara fóra”, senón máis ben unha práctica herdada dos tempos coloniais que partía dun esquema de control social que perpetuaba o mantemento da discriminación sobre os sectores sociais subalternos.

Con subdesenvolvemento económico e dereitos cidadás limitados a unha minoría que non excedía no mellor dos casos o 2% da poboación de cada país, o liberalismo non podía abrirse camiño facilmente, máis alá da retórica na prensa e nos círculos privilexiados.

Agás Brasil, todos os Estados adoptaron a forma republicana representativa, e este último país tamén a adoptou a partir de 1889. As eleccións eran un exercicio restrinxido, dado que só se consideraba suxeitos políticos, ou sexa cidadáns, aos homes, maiores de 21 ou 25 anos, segundo o país, que tiñan a calidade de propietarios. O proceso posterior de expansión da cidadanía ocorreu de forma desigual nos diversos Estados. Así, o voto feminino consagrouse primeiro en Uruguai en 1919, aínda que non chegou a exercerse ata 1938, mentres outros países deberon esperar á segunda metade do século XX. A escravitude só foi definitivamente en Brasil en 1888. A ampliación do voto fóra do grupo de propietarios deuse lentamente no século XX e acabou por recoñecerse incluso para os analfabetos.

Nos países máis grandes, un dos problemas principais era a súa definición territorial. A México custoulle guerras co seu veciño do norte, co cal os choques chegaron ata comezos do século XX. Na Arxentina, só cunha forte campaña militar de ocupación, acompañada dunha política de case exterminio dos indíxenas, chegou aos límites actuais xa case finalizando o século XIX. Brasil, que viu o tránsito dunha forma imperial a unha republicana, continuou aínda expandindo o seu territorio ata a primeira década do século XX, no que alcanzou os seus límites actuais.

A creación dunha forza militar profesional que superase a acción das bandas comandadas por caudillos, tardou bastante en todos os países. Fíxose, polo xeral, en paralelo ao desenvolvemento da infraestrutura ferroviaria. O punto de arranque estivo na conformación dun corpo de oficiais profesionais, que tomou por modelos aos existentes en Prusia ou Francia, mentres que as mariñas, que só se desenvolveron no século XX, seguiron, orixinalmente o modelo británico. Máis lenta foi a creación de forzas policiais, as cales, en principio, só cubrían os ámbitos urbanos da capital ou cidades moi relevantes.

Os xefes militares, inicialmente tan cidadáns coma os civís, ao facérense profesionais lentamente e ao converterse en corporacións que actuaban politicamente, ás veces exercendo un papel moderador, pronto foron considerados como persoas que formaban parte dunha

organización que exercía un papel tutelar, por enriba das institucións e os demais cidadáns, polo que non votaban e aínda hoxe existen países da rexión onde non o fan.

Os sistemas xudiciais e penitenciarios fóronse construíndo lentamente. Algúns países tardaron ata as primeiras décadas do século XX en dispoñer da estrutura tripartita de Xulgados de primeira instancia, tribunais de apelacións e Tribunal ou Corte Suprema. Aqueles países cuxas cidades capital estaban máis lonxe dos centros de decisión coloniais e se encontraban situadas na periferia, tardaron máis en ter eses dispositivos de control social.

Só cando os partidos liberais se fixeron co poder, comezouse a aplicar unha política de secularización e creouse un sistema de educación pública. Onde foi máis forte o impacto deste último fenómeno, foi no sur, nas repúblicas rioplatenses. Noutros países seguiu estando a educación en mans da Igrexa Católica durante longo tempo.

As liberdades e dereitos constitucionais estaban só garantidos para os sectores altos da escala social, pero aínda nese nivel, o conflito entre as dúas faccións de conservadores e liberais, daba pé a que a liberdade de prensa se restrinxise. A prensa, totalmente escrita e limitada na súa circulación a sectores altos, era fortemente partidista, panfletaria, e pouco tolerante, sendo reprimida ou apoiada segundo fose o bando gañador en cada circunstancia. As liberdades propias dun réxime liberal eran escasas. O mexicano Gabino Barreda en 1867 instou a unha “emancipación mental”, no campo científico, relixioso e político, pois sen ela a independencia non podería avanzar. O chileno Francisco Bilbao instou a “deshispanizar” o que chamou América Latina e o arxentino Sarmiento escribiu propugnando a necesidade de superar a barbarie cun enfoque civilizador imposto, se era necesario, pola forza. Os seus guías deixaban de ser os países ibéricos, para seguir o pensamento francés e angloamericano.

Durante ese período, segundo os países, asumíronse dous modelos de políticas polares respecto dos pobos orixinarios. Unha apuntaba á asimilación, buscando impor as pautas occidentalizadas dos sectores socialmente máis altos. A outra apuntaba a deixalos excluídos, á súa *ghetización*, territorial e cultural.

Nalgúns países optouse por unha sorte de terceira vía, como ocorreu no Paraguai onde o sector alto adoptou expresións da lingua indíxena dominante, a guaraní, para chegar ao actual “*yopará*”. Noutros foi fonte constante de conflitos. Podemos citar como exemplo o traslado en 1898 da sede do goberno central de Bolivia desde Sucre, a capital establecida constitucionalmente, á Paz e que se debeu á discriminación cara aos indíxenas do altiplano. A “*indiada*”, como se lle chamaba pexorativamente, uniuse aos paceños contra as tropas de Chuquisaca que maltrataran ás comunidades aimarás nesta guerra chamada “Federal”.

En canto aos hoxe chamados afrodescendentes (a poboación de orixe escrava de pel negra) eran ignorados. Como continxentes humanos chegados despois dos conquistadores, de quen descendían as elites crioulas, eran máis débiles. Carecían da referencia cultural da súa orixe, máis alá das crenzas relixiosas que foron obxecto dun proceso de sincretismo co cristianismo, e dalgunhas tradicións folclóricas. Carecían de lingua para defender, de territorio de orixe e individualmente foron coñecidos por nomes atribuídos á súa chegada, polas familias propietarias que os compraron. Tiñan que buscar o seu espazo social e político e isto, ata o presente, aínda non se conseguiu.

A substitución da vella oligarquía aristocrática representante dos intereses españois, pola nova oligarquía crioula produciuse ao longo de décadas. Nalgúns casos a antiga oligarquía colonial foi eliminada por novas confrontacións sociais, pero aínda hoxe, a comezos do século XXI, nalgúns países quedan remanentes deste sector social, aínda que a súa actuación nos campos económico, social e político variou substancialmente.

Porén, herdouse unha cultura aristocrática, como a definiu Karl Mannheim, baseada no latifundio ou a plantación. En América Latina isto supuxo o mantemento de barreiras sociais, a aceptación de xerarquías consagradas como autoridade, o absolutismo e arbitrariedade nas decisións, o mantemento de redes de clientelismo baseadas no pacto implícito entre protección e lealdade de patróns e clientes. Todo iso consagrado pola autoridade relixiosa e militar ou do caudillo. Só o proceso de urbanización acelerado erosionou esta herdanza, que, con todo, e baixo outra forma, sobreviviu longo tempo.

No sur do continente, así como no sur brasileiro, produciuse un forte impacto da migración masiva de europeos que, de feito, creou unha nova sociedade á que houbo que homoxeneizar e assimilar, proceso que tivo éxito aínda que o custo foi a desigualdade entre as zonas de inmigración e as que non o eran. Nas primeiras xurdiron as clases sociais medias, avanzouse na secularización e produciuse unha temperá transición demográfica, separándose do resto da rexión, á vez que, baixo esta estrutura, pode falarse dos comezos dun proceso de industrialización.

A inicios do século XX, e moi especialmente, despois de 1913/14 ata 1929 abriuse unha nova etapa para moitos dos países do subcontinente. A expansión do mercado mundial primeiro, contraído no momento da primeira gran conflagración mundial e novamente en expansión ata a crise de 1929, supuxo un aumento da demanda de materias primas, desde os países periféricos. Aínda que varios países xa comezaran a desenvolver un incipiente sector industrial, aínda a maior parte dos produtos manufacturados proviña dos países desenvolvidos e eran vendidos a elevados prezos, no que se chamou un proceso de Intercambio Desigual.

O ESTADO NACIONAL-POPULISTA. O PRIMEIROS ESTADOS ASISTENCIAIS DE BENESTAR

A historia seguida por cada país diferénciase notoriamente ao iniciarse o século XX, pero en moitos prodúcese unha reacción contra a orde vixente, que, inicialmente, parecía unha nova confrontación entre conservadores e liberais.

Así no norte da rexión, en México, desátase un gran movemento que abarca case toda a segunda década do século, e que acaba con boa parte da vella orde, sobrevivente ás probas da confrontación con EEUU na década do 40 do século XIX e do intento de restaurar un segundo imperio entre 1863 e 1867. A revolución non puido liquidar totalmente o conservadorismo, que volverá emerxer na chamada guerra dos Cristeros entre 1926 e 1929, ante o intento de laicismo extremo e de ruptura co Vaticano imposto polo goberno de Plutarco Díaz Calles. A revolución mexicana, que ten compoñentes agrarios, expresións liberais e discursos anticlericais, culmina na creación dun réxime *ad hoc* de partido hexemónico, sostido pola forza militar que pasou a integrarse no partido revolucionario (logo partido Revolucionario Institucional) e que se mantén baixo diferentes gobernos até case o fin do século XX.

O imaxinario colectivo da rexión, en proceso de reconstrución, debeu ter en conta o afondamento de confrontacións entre os emerxentes sectores urbanos, na súa maioría liberais, anticlericais, moitos deles asumindo versións máis ou menos radicais como as *krausistas*, e as progresistas do positivismo de cuño *comteano*, que iluminaron aos republicanos brasileiros.

No pequeno Uruguai levouse a cabo a experiencia de impor un estilo de anticipación ás posibles demandas sociais o que permitiu crear un estado semiasistencial, que foi dominante até a crise dos anos sesenta, baseado na idea que o Estado era “o escudo dos débiles”, como o expresou o seu líder José Batlle e Ordóñez.

En Chile, onde o conservadorismo era moi forte, houbo en 1932 un intento fugaz de construír unha “república socialista” que de acordo a Alfredo Lagarrigue, ao presentar o seu programa económico, o 4 de xuño de 1932, debía *“alimentar o pobo, vestir ao pobo, domiciliar ao pobo, entendéndose por pobo ao conxunto dos cidadáns sen distinción de clase nin de partidos”*.

Podemos seguir con exemplos doutros países, pero xenericamente podemos indicar o comezo de procesos de industrialización, que se desenvolveron nalgúns centros urbanos, onde grupos empresariais iniciaron a actividade industrial como en São Paulo ou en Medellín, dedicado aos téxtiles, que xa tiña un desenvolvemento importante a comezos do século XX.

Para algúns historiadores a primeira guerra mundial significou unha oportunidade de expandir unha certa industria doméstica dadas as dificultades para importar. Outros, pola contra, indican que a guerra impediu incorporar máquinas ferramenta e implicou un período de estancamento. En todo caso, aqueles primeiros ensaios debéronse á iniciativa privada e moi pouco ou nada á acción estatal.

A nova orde que emerxía trataba de ter en conta os sectores subalternos, ao “pobo”. Así fóronse conformando novos movementos, dos cales quizais o máis relevante foi o APRA, co seu discurso “indoamericanista”, resultante dunha considerable “melée” ideolóxica. A súa forma práctica deuse no Perú onde a Alianza Popular Revolucionaria Americana logrou arraigar e permanecer. Tratábase dun partido que agregaba a nota nacional e anunciaba o populismo. Moitos outros partidos asumiron características similares, por exemplo o partido Liberación de Costa Rica.

Tamén aparecen organizacións e movementos de esquerda inspirados nos modelos europeos. Nacen formacións socialistas, moitas das cales se dividiron, como consecuencia da aparición da URSS e da Terceira Internacional, en comunistas e socialdemócratas. No sur e no norte tiveron incidencia diversos grupos de anarquistas e en todo o continente, en diversos momentos, foi emerxendo un movemento sindical.

En todo este proceso as referencias ao Estado quedan confundidas coas críticas ao réxime oligárquico e aos gobernos do momento, que na práctica se expresaban unha conflitividade, que ás veces alcanzaba niveis violentos.

A crise financeira de alcance mundial desatada en 1929 cambiou a situación en case todo o continente.

En xeral considérase que o Estado populista aparece fundamentalmente tras a crise de 1929 e os seus efectos na rexión duran ata os anos sesenta ou setenta. Este novo modelo supón unha relación entre Estado e sociedade baixo unha modalidade, que, en boa medida, debe considerarse corporativa. Tratábase dunha relación vertical na que o Estado se fai interventor e ordenador da sociedade. A súa actividade centrouse no campo da política, a cal inspira un esquema económico diferente onde en lugar de crecer cara fóra, pásase a unha fórmula de substitución de importacións, como a denominou CEPAL en 1949.

O Estado entrou nunha fase fortemente expansiva. Aínda que ao final do século XIX, no marco do Estado oligárquico, xa tiñan comezado a incrementarse as actividades estatais, o proceso foi moito máis acentuado neste tempo. Mentres que a expansión do fin do século XIX realizouse cando moitos dos habitantes non estaban incorporados á cidadanía, o Estado populista amplía esta base. Expande a educación e incorpora novos sectores sociais. Intervén con políticas sociais que proporcionan asistencia pública social en saúde, pensións, programas para a nenez etc. e intervén nas políticas fiscais e monetarias. O orzamento público destina importantes partidas a subsidios tanto para a promoción das industrias substitutivas como para as políticas sociais. Utilizando unha terminoloxía máis moderna poderíamos dicir que

apuntaba á cohesión social, mediante a inclusión dos sectores non integrados, especialmente os urbanos, e practicando un tipo novo de clientelismo horizontal.

Este estado expándese internamente producíndose un fenómeno de “*sobre- burocratización estrutural*”, aínda que ao mesmo tempo dáse unha “*sub- burocratización da conduta*”, como as caracterizou Philippe Schmitter, para sinalar a expansión numérica e a creación constante de novas organizacións, a tempo que moitas eran notoriamente ineficaces e ineficientes. Seguiuse recorrendo ao patrimonial e ao clientelismo como formas de mobilización, pero cada vez máis a inclusión social implicou desenvolver formas de clientelismo horizontal, como as denominou Angelo Panebianco, para sinalar a atención a grupos sociais enteiros, mobilizados por operadores políticos, incorporando aos sectores sociais subalternos.

A incorporación dos sectores medios resultantes destas políticas estatais deuse a través de mecanismos *ad hoc* en cada caso. Así na experiencia brasileira creáronse dous partidos diferentes, un para manexar sectores medios (PSDB) e outros para controlar o voto dos traballadores (PTB) e ambos converxían na figura do líder común. En Arxentina apelouse á idea dun movemento moi amplo, o peronismo, que contiña no seu interior ideoloxías diversas e contrapostas.

O desenvolvemento industrial, en ambos exemplo, foi unha iniciativa do Estado, que promulgou normas proteccionistas e tarifas e instaurou mecanismos de cambio, subsidios e monopolios. O Estado foi o protector deste desenvolvemento e os favorecidos pasaron a intervir activamente en política para protexer os seus intereses.

Nalgúns países os militares foron protagonistas principais do proceso político, actuando directamente como corporación, ou apoiando a un líder fose civil ou militar. José Nun resumiu as formas que adoptou esta acción militar en tanto instrumento de control: Podería ser “pura” ao servizo de sectores de poder externos ou de sectores dominantes locais ou, en forma máis elaborada, podía verse ás organizacións militares como instrumentos dos intereses das clases medias emerxentes, ás que a maioría dos membros do corpo de oficiais pertencía. Fernando Bustamante preferiu outra explicación ao incluír tamén o corporativismo depredador, polo cal as FFAA interveñen para o seu propio interese como organización burocrática armada. Outra variante sería o corporativismo ao servizo do Estado: As FFAA considéranse como a elite e os gardiáns da nación coma unha sorte de caste sacerdotal depositaria dos valores patrios, e, como tales, cunha misión tutelar. Máis recente é outra modalidade intervencionista caracterizada por Ou'Donnell como burocrático-autoritaria.

No populismo produciuse unha rotación nos centros do poder, sen que o vello sector produtor primario desaparecese. Pola contra, as vellas e novas clases conviviron, o que permitiu que a oligarquía tradicional sobrevivira a esta etapa e rexurdira con forza na etapa neoliberal, baixo a idea das vantaxes comparativas. En moitos casos o esforzo industrial baseouse no vello esquema exportador pois o Estado impuxo transferencias de ingresos desde ese sector exportador primario ao incipiente sector industrial.

A mobilización política era constante e promovida polo réxime, que apuntou en case todos os países a unha formula autoritaria e personalista.

Hai que ter en conta que este proceso ocorre ao mesmo tempo que en Europa aparecen as formas corporativas fascistas, e a moi específica experiencia do nazismo que confrontou fortemente ao liberalismo que o precedeu así como á opción que presentou a revolución rusa e ao modelo político e económico que trataba de expandir a Unión Soviética.

O proxecto ideolóxico universalista e cosmopolita que sempre informou ao liberalismo foi superado pola dun novo posicionamento nacionalista, que dominou igualmente nos Estados e réximes populistas de América Latina.

O corporativismo rara vez foi puro. A súa expresión máis elaborada foi a dos *integralistas* brasileiros (ALB), movemento fundado por Plinio Salgado que non deu os seus froitos, e o Estado Novo Brasileiro (asumió o mesmo nome que se deu en Portugal ao réxime que se creou en 1933) dedicouse a promover o capitalismo de Estado baixo un manto nacional populista pero non fortemente corporativo como querían os *integralistas*. Aínda que ata 1945 seguiu denominándose Estado Novo, despois desa data o modelo sufriu modificacións: En alianza forte cos Estados Unidos pero tratando de manter certa autonomía (nunha aplicación avanzada da *barganha leal* da que falou na década do cincuenta Golbery do Couto e Silva) e mesturando corporativismo con formas liberal - democráticas recortadas.

O acordo de Washington de 1942 levou a moitos traballadores brasileiros a converterse en *soldados da borracha* provendo de caucho as necesidades bélicas dos EEUU. Neste período cimentouse a diferenciación de Brasil con respecto ao resto de América Latina e aínda que continuou sendo un país onde a produción e exportación de materias primas non transformadas seguiu sendo substancial, deu pasos importantes ao crear o *Conselho Nacional do Petróleo* (CNP), que logo promoveu a actual firma transnacional *Petrobrás*, a *Companhia Siderúrgica Nacional* e a *Companhia Vale do Río Doce*, que deu orixe á industria pesada brasileira, a *Fábrica Nacional de Motores*, así como á *Companhia Hidroelétrica do Val de São Francisco*.

Como contrapartida Brasil tamén se involucrou na escena internacional e na área militar unha *Força Expedicionaria Brasileira* (FEB) participou na campaña de Italia na fase final da Segunda Guerra Mundial. Ese esforzo estivo a piques de abrir para Brasil a posibilidade de ocupar un asento permanente no Consello de Seguridade do novo organismo multilateral que se creou ao final dese conflito, a ONU. F.D. Roosevelt falou desta posibilidade, pero De Gaulle insistiu en que o quinto asento debía ser para Francia. Así mesmo a participación na guerra encamiñou a Brasil a un primeiro intento de democratización que non durou longo tempo.

En xeral, en case todos os países a inercia fixo que sobrevivise o sector exportador primario, e mesmo se constituíron en máis dun país fortes sectores de economía de enclave. O exemplo sempre citado foi a *UnitedFruit* e as súas plantacións bananeiras na costa caribeña de Colombia, e desde Costa Rica a Guatemala, comprendendo a Honduras.

Os populismos non facían moita distinción entre Estado, réxime e goberno. A clave do seu funcionamento político estivo nos liderados fortes con estilos de condución fortemente personalizados, que tiñan unha constante interrelación cos novos sectores das clases medias e, moi especialmente, cos traballadores urbanos. Aínda que se trataba de transmitir a idea de que non había mediación entre o líder e as "masas", a acción de operadores políticos permitía o seu encadramento e control e garantía a mobilización permanente, fundamentalmente a través de manifestacións na rúa. Hoxe falaríamos dunha forte participación e de formas de expresión directa sen intermediación.

